

BASES REGULADORAS DO PLAN DE COFINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO 2021

O Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro, establece no seu artigo 31 que as deputacións lles proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios municipais.

É labor da Deputación de Pontevedra apoiar as corporacións locais da provincia que presten servizos sociais comunitarios municipais, en virtude das competencias atribuídas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que establece a competencia propia das deputacións provinciais para a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, polo artigo 109.1.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG); o artigo 63 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG); e o artigo 31 do citado Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado polo Decreto 148/2014, de 6 de novembro.

De conformidade co disposto no artigo 31.3 do citado Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 148/2014, este plan ten por obxecto o financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos de menos de 20.000 habitantes, e o financiamento a estas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do persoal profesional de referencia, que se regula no artigo 37 do antedito decreto.

Este plan remítuselles para o seu coñecemento ás entidades responsables mencionadas no artigo 31.4 do Decreto 99/2012, consonte o disposto no artigo 112.1 da LALG.

Primeira. Obxecto e natureza

Estas bases teñen por obxecto regular a convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos especificados na base segunda, destinadas ao financiamento do servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos de menos de 20.000 habitantes, e o financiamento a estas entidades para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do persoal profesional de referencia, que se establece no artigo 37 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Segunda. Entidades destinatarias da convocatoria

Serán destinatarios destas subvencións os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra.

Non poderán ser beneficiarios destas os concellos que non estean ao corrente das obrigas tributarias para a percepción de axudas públicas coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA) e/ou coa Seguridade Social, circunstancias que serán comprobadas nas condicións establecidas na base sétima.

No que atinxe ao cumprimento das obrigas coa Facenda provincial, estarase ao disposto nos artigos 10.10 e 27.3 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e no apartado 4 da base 25 das Bases de execución do orzamento, referido á compensación de débedas coas entidades locais.

Terceira. Contía das axudas e módulos obxecto de financiamento

Para a prestación dos servizos comprendidos entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2021 establécese unha contía máxima para cada concello de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, reflectida no anexo I destas bases.

As entidades locais poderán solicitar ata as contías máximas dos módulos sinalados a continuación, respectando o número de profesionais, a xornada e a categoría profesional, entre outras cuestións. No caso de redución da xornada con respecto ao estipulado, aplicarase a diminución da contía que corresponda de xeito proporcional.

Nos supostos nos que os servizos os presten mancomunidades ou agrupacións con menos de 20.000 habitantes, a contía da achega provincial será o resultado de sumar as cantidades correspondentes aos distintos concellos que a integran.

Para a cuantificación das achegas establécense dous módulos:

- Módulo de persoal

Inclúe o financiamento dos gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal que realice as tarefas propias do seu posto nos servizos sociais municipais básicos, con perfís profesionais diferentes e complementarios aos do profesional de referencia, segundo o artigo 37 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Aplicaranse os seguintes módulos económicos:

Categoría profesional	Módulo económico: xornada completa durante 12 meses	Módulo económico: media xornada durante 12 meses
Persoa con titulación superior (licenciatura universitaria, grao ou equivalente)	18.062 €	9.031 €
Persoa con titulación media (diplomatura universitaria ou equivalente)	15.013 €	7.506,50 €
Persoal administrativo	12.029 €	6.014,50 €

- Módulo de servizo de axuda no fogar (SAF) básico

Inclúe os gastos derivados da prestación básica do servizo de axuda no fogar adscrito directamente aos servizos sociais comunitarios básicos dos concellos con menos de 20.000 habitantes, que comprenden os supostos nos que se presten tanto por xestión directa coma, de ser o caso, por xestión indirecta, mediante un contrato ou unha encomenda da xestión.

Serán obxecto de subvención os gastos de retribucións brutas e de seguridade social do persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar, o gasto de material directamente vinculado ao programa (luvas, batas, pixamas e zocos) e a quilometraxe do persoal auxiliar de axuda no fogar.

No caso de que este se xestione indirectamente mediante algunha das formas previstas na lexislación de contratos do sector público, serán igualmente subvencionables os gastos ocasionados que teñan a mesma natureza que os sinalados nos apartados anteriores.

Dada a situación de alerta pola pandemia ocasionada polo coronavirus financiaranse tamén as máscaras, os equipos de protección individual (EPI), os produtos de desinfección (lixivia, alcohol e similares), os xabóns, o xel hidroalcohólico, a crema hidratante e calquera outro de natureza análoga.

Para estes efectos considérase SAF básico aquel no que as persoas usuarias acceden ao servizo en réxime de libre concorrència e non gocen del a través do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD).

Cuarta. Réxime xurídico

A solicitude das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do plan.

A entidade local solicitante comprométese a realizar as actuacións necesarias para desenvolver os seus obxectivos e a completar coa súa achega económica os módulos financiados.

A percepción destas axudas será compatible con calquera outra achega económica do organismo provincial que complemente as actuacións contempladas nestas bases, e coa percepción doutras subvencións, axudas ou ingresos para a mesma finalidade procedentes de calquera administración ou ente público ou privado.

Non obstante, en ningún caso o conxunto das axudas recibidas poderá superar o 100 % do custo da axuda subvencionada.

De superar este límite, a entidade beneficiaria deberá comunicalo co obxecto de diminuír o importe da subvención.

Este plan rexeráse polo establecido nestas bases. Aplicaranse supletoriamente as normas da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e as Bases de execución do Orzamento provincial para 2021.

As entidades beneficiarias das achegas quedarán sometidas ás responsabilidades e ao réxime sancionador establecido na LXS.

Quinta. Presentación das solicitudes

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

O órgano competente para presentar as solicitudes electronicamente e todos os trámites relacionados co expediente é a alcaldesa ou o alcalde, ou a persoa en quen delegue. No suposto de que delegue a súa presentación, deberá acreditar a representación da persoa designada para levar a cabo a tramitación administrativa do expediente.

Se algún dos concellos interesados presenta a súa solicitude presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda. En todo caso, se tal emenda se realizase fóra do prazo de presentación de solicitudes esta deberá limitarse á presentación electrónica do que xa se entregou presencialmente, sen que se poidan engadir outros datos ou documentos ou rectificar os xa achegados.

Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que prevé a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNle).

Sexta. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación das bases e do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

Sétima. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificación de estar ao corrente coas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Facenda autonómica da Xunta de Galicia (ATRIGA) e coa Seguridade Social

En caso de que as entidades interesadas se opoñan ás devanditas consultas deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Excepcionalmente, en caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Oitava. Documentación

Os concellos interesados deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

- a. Proxecto descritivo dos servizos sociais comunitarios municipais (anexo II), segundo o modelo normalizado dispoñible na <https://sede.depo.gal>

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirirlles a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerarse como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

Novena. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e as súas emendas

Todos os trámites administrativos que os concellos deban realizar durante a tramitación deste procedemento realizaranse electronicamente a través do modelo “instancia xenérica”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Se a solicitude non reúne os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP) requiriráselle ao Concello, de conformidade co establecido no artigo 68 desta, que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicándolle que, en caso de non o facer, se terá por desistida a súa solicitude, que se arquivará sen máis trámites.

Décima. Notificacións

As resolucións e actos administrativos notificaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As notificacións practícaranse a través da Carpeta Ciudadana e de Dirección Electrónica Habilitada única. Ambos os sistemas son accesibles desde <https://sede.depo.gal>.

A notificación entenderase practicada no momento no que se produza o acceso ao seu contido, considerándose rexeitada cando transcorran 10 días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda a este.

O sistema remitiralles aos concellos solicitantes avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo electrónico indicada na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación se considere plenamente válida.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos a Deputación de Pontevedra practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Décimo primeira. Instrución e resolución

A instrución do procedemento de concesión de subvencións realizaraa a xefa do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, de xeito individual, a medida que os concellos presenten as súas solicitudes, e comprenderá as seguintes fases:

- Tras presentar as solicitudes o Servizo de Cohesión Social e Xuventude procederá ao seu estudo e comprobación
- O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos que se debe formular a proposta de resolución, de conformidade co previsto no artigo 24 da LXS e no artigo 19 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra

O Servizo de Intervención emitirá un informe de fiscalización de cada expediente e do informe-proposta dirixido ao órgano competente.

A resolución da concesión farase de xeito individual, a medida que os concellos presenten as súas solicitudes, e notificarase de conformidade co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP.

A resolución da concesión notificarase de conformidade co establecido nos artigos 40 e 41 da LPACAP. Sen prexuízo da obriga de resolver, de acordo co disposto nos artigos 21 e 22 da LPACAP, transcorridos 6 meses a partir do día seguinte ao de finalización do prazo de presentación de solicitudes sen que se lles notifique a resolución expresa ás entidades interesadas considerarase desestimada por silencio administrativo.

Décimo segunda. Pagamento e xustificación

Estas axudas aboaránselles directamente aos concellos logo da súa aprobación polo órgano competente e da súa xustificación. Para a súa aprobación comprobarase que a entidade receptora non ten ningún anticipo pendente de xustificación do Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais do exercicio 2020. En todo caso, independentemente de que exista ou non anticipo, comprobarase que se presentou en prazo a xustificación do plan da convocatoria anterior, para proceder á aprobación no ano 2021.

Deberá realizarse a xustificación da execución completa do programa, integrada pola seguinte documentación, que se deberá presentar obrigatoriamente por medios electrónicos a través do modelo "instancia xenérica", dispoñible en <https://sede.depo.gal>:

1. Certificación de Secretaría ou Intervención, segundo o modelo dispoñible en <https://sede.depo.gal>, na que consten:

a) O persoal adscrito aos servizos sociais comunitarios básicos da entidade local obxecto da transferencia, especificando a súa categoría ou perfil profesional, tipo de xornada, nome, apelidos e NIF.

b) Os pagamentos efectuados durante 2021 a este persoal polas retribucións brutas e os seguros sociais con cargo á entidade local, os pagamentos realizados ao persoal adscrito ao servizo de axuda no fogar básico de titularidade municipal e os gastos de material (luvas, batas, pixamas e zocos) do citado programa, a quilometraxe e o material relacionado coa protección contra a COVID-19 establecida na base terceira.

No caso de que o SAF se xestione indirectamente mediante algunha das formas previstas na lexislación de contratos do sector público, deberán achegarse as copias das facturas co importe total, nas que se detallará o importe do IVE e se especificará o prezo por hora da prestación do servizo.

Para o financiamento do material deberán achegarse copia das facturas que xustifiquen a súa adquisición e a xustificación da quilometraxe do persoal auxiliar de axuda no fogar.

c) Os ingresos recibidos doutras administracións públicas, entes privados e/ou usuarias e usuarios (copagamento) para o financiamento dos mesmos conceptos no mesmo período. A achega da institución provincial é compatible coa percepción doutros ingresos que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da achega da Deputación, non supere en ningún módulo o importe total do gasto efectivamente xustificado.

Para que non concorra esta circunstancia reducirase a axuda provincial no importe necesario, o que poderá dar lugar a un expediente de reintegro.

2. Memoria de actividade (do persoal e do SAF), segundo os modelos dispoñibles en <https://sede.depo.gal>, elaborada e asinada por persoal técnico dos servizos sociais comunitarios básicos municipais.

3. Acreditación mediante proba documental do cumprimento do compromiso de publicidade da achega provincial ao que se refire a base décimo quinta. Remitirase unha fotografía do cartel na que se faga constar a súa localización e fotografías das tarxetas identificativas.

A respecto do importe dos pagamentos xustificandos:

- . Deberá acadar en cada módulo o da achega do organismo provincial
- . Cando o importe dos pagamentos xustificandos non alcance o determinado na base terceira para o devandito módulo, sempre que se respecten as condicións establecidas, a axuda provincial reducirase proporcionalmente
- . En caso de redución na xornada do persoal sen autorización previa da variación do módulo, a achega da Deputación será proporcional á contía prevista para a mencionada xornada no plan

No caso de que a contía xustificada sexa inferior ao importe solicitado e recibido producirase o inicio do expediente da perda do dereito ao cobro total ou parcial, no seu caso, ou ao reintegro segundo proceda, de conformidade co establecido no artigo 90 do Real decreto 887/2006, de 21 xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS.

O prazo de presentación da documentación xustificativa rematará o 28 de febreiro de 2022, inclusive. Excepcionalmente poderase solicitar unha prórroga antes de que remate o mes de xaneiro. Logo de ser valoradas favorablemente as causas excepcionais que motivan a mencionada solicitude polo Servizo de Cohesión Social e Xuventude e polo de Intervención, poderá concederse unha prórroga da xustificación ata, como máximo, o 31 de marzo de 2022. Se non se achega a xustificación dentro do prazo (inicial ou prorrogado) requiriráselle á entidade beneficiaria a súa presentación no prazo improrrogable de 15 días. A falta de xustificación neste prazo excepcional implicará o inicio do expediente da perda da achega da Deputación.

Se o Concello o solicita poderase proceder ao pagamento anticipado do 50 % das axudas aprobadas, logo de comprobar que a entidade receptora cumpre coas súas obrigas tributarias coa AEAT, coa ATRIGA e coa Seguridade Social. O 50 % restante librarase tras a xustificación da execución completa do programa.

Décimo terceira. Financiamento

A contía consignada para esta convocatoria ascende a 2.503.547,70 €, con cargo á aplicación 21/231.2313.462.00 do Orzamento provincial para o ano 2021.

Décimo cuarta. Vixencia

Estas bases estarán vixentes do 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2021.

As sucesivas convocatorias anuais estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Décimo quinta. Publicidade

Debe constar en toda a publicidade que se elabore e nas comunicacións que se realicen a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional, de conformidade co artigo 31 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS.

A entidade local deberá situar nun lugar visible do propio centro de servizos sociais comunitarios municipais básicos un cartel informativo no que se faga constar o cofinanciamento da institución provincial.

Ademais, deberá proporcionarlle ao persoal contratado para o servizo de axuda no fogar, sexa propio ou pertencente a unha empresa que se poida contratar, as tarxetas identificativas do servizo subvencionado. O persoal deberá levalas cando estea a realizar a actividade obxecto da subvención.

Décimo sexta. Obrigas de información das entidades locais

As entidades locais estarán obrigadas a facilitarlles aos servizos do organismo provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande nun prazo de 15 días. A negativa a facilitar esta información ou a demora inxustificada no seu envío dará lugar á exclusión da entidade local do plan, coa conseguinte perda do dereito ao cobramento ou ao inicio do expediente de reintegro, segundo proceda, das achegas percibidas ou concedidas ao seu abeiro, que será declarada pola Xunta de Goberno tras a tramitación do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

Décimo sétima. Protección de datos

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a exactitude destes e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou do exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que as e os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Anexo I
Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais para o exercicio 2021
Cadro de achegas máximas por módulos

Concello	Módulo de persoal (achega máxima)		Módulo do SAF (achega máxima)
A Cañiza			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		27.042,00 €	28.804,21 €
A Guarda			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		27.042,00 €	32.824,12 €
A Illa de Arousa			
	Auxiliar administrativa/o	6.014,50 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		13.521,00 €	15.000,00 €
A Lama			
	Auxiliar administrativa/o	6.014,50 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		13.521,00 €	27.824,35 €
Agolada			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		19.535,50 €	31.097,77 €

Arbo			
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		7.506,50 €	37.045,56 €

As Neves			
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		7.506,50 €	23.212,21 €

Baiona			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		27.042,00 €	24.268,00 €

Barro			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		19.535,50 €	19.562,27 €

Bueu			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		27.042,00 €	24.744,00 €

Caldas de Reis			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		27.042,00 €	23.865,00 €

Cambados			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		27.042,00 €	27.628,00 €

Campo Lameiro			
	Auxiliar administrativa/o	6.014,50 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		13.521,00 €	13.807,00 €

Catoira			
	Auxiliar administrativa/o	6.014,50 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		13.521,00 €	7.816,00 €

Cerdedo-Cotobade			
	Auxiliar administrativa/o	6.014,50 €	
	Auxiliar administrativa/o	6.014,50 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		19.535,50 €	39.999,28 €

Covelo			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		19.535,50 €	16.852,21 €

Crecente			
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		7.506,50 €	22.383,09 €

Cuntis			
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		15.013,00 €	26.508,21 €

Dozón			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		19.535,50 €	22.331,69 €

Forcarei			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		27.042,00 €	27.057,85 €

Fornelos de Montes			
	Auxiliar administrativa/o	6.014,50 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		13.521,00 €	12.874,61 €

Gondomar			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		27.042,00 €	28.572,00 €

Meaño			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		27.042,00 €	28.000,00 €

Meis			
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		7.506,50 €	23.718,36 €

Moaña			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		42.055,00 €	38.896,00 €

Mondariz			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o superior	18.062,00 €	
		30.091,00 €	25.988,21 €

Mondariz-Balneario			
	Auxiliar administrativa/o	6.014,50 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		13.521,00 €	9.176,20 €

Moraña			
	Auxiliar administrativa/o	6.014,50 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		13.521,00 €	10.056,00 €

Mos			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
	Titulada/o superior	18.062,00 €	
		45.104,00 €	35.760,24 €

Nigrán			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
	Titulada/o superior	18.062,00 €	
		45.104,00 €	35.472,00 €

O Grove			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o superior	18.062,00 €	
		30.091,00 €	35.144,29 €

O Porriño			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
	Titulada/o superior	18.062,00 €	
		45.104,00 €	39.696,00 €

O Rosal			
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		7.506,50 €	20.340,79 €

Oia			
	Auxiliar administrativa/o	6.014,50 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		13.521,00 €	12.020,24 €

Pazos de Borbén			
	Auxiliar administrativa/o	6.014,50 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		13.521,00 €	10.573,05 €

Poio			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
	Titulada/o superior	9.031,00 €	
		58.592,50 €	34.164,00 €

Ponte Caldelas			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		27.042,00 €	25.904,00 €

Pontecesures			
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		7.506,50 €	14.160,00 €

Portas			
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		7.506,50 €	22.300,00 €

Ribadumia			
	Auxiliar administrativa/o	6.014,50 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		13.521,00 €	15.775,63 €

Rodeiro			
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		7.506,50 €	19.378,03 €

Salceda de Caselas			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o superior	18.062,00 €	
	Titulada/o superior	9.031,00 €	
		39.122,00 €	20.946,29 €

Salvaterra de Miño			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o superior	18.062,00 €	
		30.091,00 €	22.443,43 €

Sanxenxo			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
	Titulada/o superior	18.062,00 €	
		45.104,00 €	35.160,00 €

Silleda			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		27.042,00 €	41.312,21 €

Soutomaior			
	Auxiliar administrativa/o	6.014,50 €	
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		13.521,00 €	16.902,86 €

Tomiño			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		27.042,00 €	32.000,00 €

Tui			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
	Titulada/o superior	18.062,00 €	
		45.104,00 €	33.804,00 €

Valga			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o superior	18.062,00 €	
		30.091,00 €	13.848,00 €

Vila de Cruces			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
		27.042,00 €	33.802,32 €
Vilaboa			
	Titulada/o media/o	7.506,50 €	
		7.506,50 €	13.609,14 €

Vilanova de Arousa			
	Auxiliar administrativa/o	12.029,00 €	
	Titulada/o media/o	15.013,00 €	
	Titulada/o superior	18.062,00 €	
		45.104,00 €	37.835,48 €

1.211.283,50 €	1.292.264,20 €
-----------------------	-----------------------

2.503.547,70 €
